

10.—A participación implica a aceptación destas bases, quedando a organización facultada para resolver calquer aspecto non contemplado nas mesmas. A difusión destas bases farase mediante a publicación delas no B.O.P. de Pontevedra, na páxina web do concello (www.caldasdereis.com) e coa publicación e difusión dun folleto.

O dispuxo e asina o Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Manuel Rey Rey, en Caldas de Reis, a 29 de marzo de dous mil dez.—O Alcalde, Juan Manuel Rey Rey. **2010003838**

* * *

FORCAREI

A N U N C I O

En cumprimento do disposto no apartado 3º do artigo 8 do Decreto 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, sométese a información pública o expediente nº AC-60/09-2261, que se tramita neste Concello a instancia de D. Benjamín Rodríguez Cortizo, para ampliación dunha explotación de vacún existente no lugar de Umia (Meavía), neste termo municipal. Durante o prazo de vinte (20) días, contados a partir do seguinte ó da última das publicacións deste edicto que se farán unha no Boletín Oficial da Provincia (BOP) de Pontevedra e outra no Diario Oficial de Galicia (DOG), o expediente atópase a disposición do público nas oficinas municipais co fin de que, aquelas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar poidan formular por escrito as reclamacións ou observacións que estimen oportunas.

Forcarei, a de marzo de 2010.—O Alcalde, David Raposeiras Correa. **2010003640**

* * *

A GUARDA

A N U N C I O

Aprobado polo Pleno do Concello de A Guarda, en sesión ordinaria de data 26 de marzo de 2010, o inicio da acción investigadora en orde a averiguar a propiedade municipal do terreo ocupado pola rampa existente diante do inmovible número 159 da rúa Cal do Concello da Guarda (Pontevedra), expónse ó público durante quince días, contados a partir do día seguinte ó da presente publicación, en cumprimento do artigo 49 do RBEL.

A Guarda, A 29 De Marzo De 2010.—o Alcalde, José Manuel Domínguez Freitas. **2010003765**

* * *

MARÍN

E D I C T O

De conformidade co art. 70.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local, publícase o texto integro do Regulamento do servizo de ecoparque municipal sito no lugar de Cadro deste Concello, entrando en vigor unha vez que haxa transcurrido o prazo previsto do art. 65.2 L.B.R.L.

REGULAMENTO DO SERVICIO DE ECOPARQUE MUNICIPAL

TITULO PRIMEIRO.—DEFINICIÓN E OBXECTO

ARTIGO 1

O Ecoparque Municipal de Marín é un espazo situado no lugar de Cadro na parroquia de Santo Tomé de Piñeiro no Concello de Marín.

A ocupación do Ecoparque será un espazo de 20.000 m2 enclavados nunha finca de titularidade municipal.

Neste espazo se contará cunhas instalacións ludico-deportivas consistentes na implantación de xogos de redes, tiroliñas, pontes tibetanos, etc, distribuídos en cinco recorridos, con plataformas a diferentes alturas. Ofrecendo un espazo lúdico e un novo concepto de ocio en natureza o alcance de todos.

Con esta instalación preténdense os seguintes obxectivos:

- Crear un espazo para a realización de actividades de recreo e aventura ao aire libre.
- Fomentar nos visitantes a educación e o respecto á natureza e o coñecemento do territorio.
- Fomentar a actividade física e o deporte na natureza dunha maneira absolutamente respectuosa co medio natural.

ARTIGO 2

Este regulamento contempla o conxunto de normas que rexerán na actividade cotiá no Ecoparque Municipal, elaboradas ao abeiro e en desenvolvemento da normativa aplicable, que xunto coas directrices do Concello de Marín, servirán de referencia obrigada no desenvolvemento do servizo de xestión do propio parque.

TITULO SEGUNDO.—INSTALACIÓNS

ARTIGO 3

O adxudicatario do servizo deberá cumprir o prego de condicións técnicas que figura na licitación do concurso, o que supón que este sufragará pola súa conta os gastos ordinarios e extraordinarios que xeran os seus bens, instalacións e servizos, obxecto desta concesión, manténdoo en perfecto estado de conservación.

ARTIGO 4

As instalacións son Municipais, un ben de dominio público.

ARTIGO 5

As instalacións deberán cumprir as normas de seguridade, hixiene e medio-ambientais, das que dispoña o Concello ou administración competente na materia. En todo momento estarán expostas as normas de uso das instalacións así como cada unha das medidas de seguridade a ter en conta, dependendo da actividade a realizar.

ARTIGO 6

Independentemente da forma de xestión, as instalacións son de acceso libre para os cidadáns sen outras limitacións que o pago do prezo correspondente polo seu uso e da propia natureza da instalación.

Os horarios de apertura e peche, aprobados polo órgano competente, estarán expostos en lugar visible para información pública, procurándose en todo momento o maior horario posible que permita a súa máxima rendibilidade deportiva e social. Polo cal o horario de apertura estímase como mínimo: De Abril a Outubro de 10:00 h ata 18:00 h podéndose prolongar ata as 20:00 h se a concesionaria así o solicita. En todo caso, estes horarios pódense modificar no caso de que así o autorice o propio Concello, por acordo da Xunta de Goberno Local.

A recepción dos usuarios poderá facerse mediante solicitude por reserva anticipada, nas propias oficinas do ecoparque, ou en calquera outro punto que se determine por parte do concello.

A través da correspondente ordenanza de taxas do Concello de Marín fixará os prezos públicos para as diversas actividades ofertadas dentro do Ecoparque.

ARTIGO 7

Deberá figurar en lugar visible e de fácil acceso o usuario, un cartel confeccionado conforme a normativa vixente do Concello de Marín, no que se indique:

- a) Denominación da instalación
- b) Os horarios de uso, de apertura e peche, das actividades, e de atención ao público
- c) Táboa de prezos públicos vixentes
- d) Capacidade da instalación
- e) Servicios que presta
- f) Aviso de incidencias ou modificacións no servizo

ARTIGO 8

Todas as sinalizacións que teña a instalación, tanto internas como externas, deberán estar suxeitas a normativa municipal correspondente.

ARTIGO 9. O ACCESO AS INSTALACIÓNS

- Una vez realizada a reserva non haberá dereito a devolución das taxas.
- O acceso as instalacións realizarase polas zonas destinadas a elo.
- Os menores de 14 anos deberán, para acceder as actividades, ir acompañados de unha persoa maior que se responsabilice deles durante todo o tempo que permanezan no interior do recinto.

ARTIGO 10

A máxima capacidade do Ecoparque será de 250 persoas, impedíndose o acceso a mais usuarios ata reducir este número.

ARTIGO 11

As actividades ofertadas virán descritas suficientemente tanto na información exposta no Ecoparque, como en todo o material divulgativo que se utilice. Así para cada actividade será imprescindible a súa catalogación tendo en conta a dificultade e os límites de idade impostos.

ARTIGO 12

En todo momento están expostas as normas de uso das instalacións así como cada unha das medidas de seguridade a ter en conta dependendo da actividade a realizar.

ARTIGO 13

A disposición dos usuarios deberá haber aseos que permanezan limpos a o longo da xornada de apertura, así como a dispoñibilidade de auga potable no exterior.

ARTIGO 14

Deberán existir nas dependencias do parque e debidamente sinalizado, un punto de información e unha botica de primeiros auxilios de primeiros auxilios así como as correspondentes “Follas de Reclamacións”.

TÍTULO TERCEIRO.—ORGANIZACIÓN**ARTIGO 15. DIRECCIÓN DO ECOPARQUE**

O fronte das mesmas estará un responsable. As súas misións, ademais das que especificamente a concesionaria atribúa o Director do Ecoparque, serán:

- A planificación do uso das instalacións ludico-deportivas para que de estas se obteña un rendemento óptimo.
- Ser receptor das solicitudes de utilización por parte dos centros educativos, particulares, clubs quedando baixo a súa competencia a aceptación ou denegación.
- Procurar que por parte dos usuarios se realice unha correcta utilización das instalacións, debendo realizar un informe escrito no caso de que no sexa así.
- Procurar que as instalacións estean dotadas do material necesario para a utilización das diferentes actividades e do correcto funcionamento dos servicios anexos, tales como limpeza, dependencias, etc.

ARTIGO 16. GRUPO DE MONITORES

Dirixidos por un monitor que exerza como Xefe de Monitores, o Ecoparque contará cun número variable de monitores, que en ningún caso será inferior a 2, que terán como misións as seguintes:

- Impartir cursos de iniciación: formación e seguridade os usuarios.
- Velar polo cumprimento, por parte dos usuarios, das instrucións recibidas durante dito curso e pola súa seguridade unha vez estean nos recorridos.
- Realizar os oportunos rescates nos xogos para os usuarios que o soliciten ou o necesiten.
- Realizar labores de control de instalacións segundo os manuais de mantemento aprobados.
- Atender e informar a os usuarios sobre calquera dúbida respecto a actividade concreta, regulamento interno, prezos, condicións, horarios, etc.

TITULO CUARTO

CAPITULO I.—DOS DEREITOS E OBRIGACIÓN DO USUARIO

ARTIGO 17

A persoa física, agrupacións de persoas físicas, organizacións o institucións independentes, teñen o dereito o uso das instalacións ludico-deportivas, coas condicionantes establecidas neste Regulamento.

ARTIGO 18. NORMAS XERAIS

- a.—Prohibido terminantemente por enriba do 1,5 metros de altura, non ter o arnés de seguridade.
- b.—Material obrigatorio: calzado adecuado, arnés e cintas con mosquetóns. Todo o material de seguridade debe estar homologado segundo Norma-

tiva. E proporcionado polo Ecoparque antes de realizar a actividade, e debe ser devolto unha vez finalizado o recorrido.

c.—Os itinerarios están estudados debidamente. Está terminantemente prohibido afloxar as presas ou modificar os itinerarios sen autorización.

d.—Por motivos de seguridade non se permite realizar a actividade descalzo ou sen camiseta.

e.—Non se permite o uso de aparatos con auriculares.

ARTIGO 19

Ademais do sinalado, son dereitos do usuario:

a.—Acceder a todos os servicios que se presten nas instalacións do Ecoparque e participar nas actividades programadas nos horarios e pautas sinalados neste regulamento.

b.—A recibir información dos programas e actividades que se desenvolvan tanto dentro, como fóra do espazo das instalacións.

c.—Ser atendidos de maneira eficiente e correcta por todo o persoal que estará identificado ante o usuario en todo momento.

d.—Exercer todos os dereitos fundamentais (información, participación, igualdade, liberdade, etc.).

e.—Exercer o dereito a reclamación mediante a Folla de Reclamación.

ARTIGO 20

Ademais do sinalado, son obrigacións do usuario:

a.—Respectar e manter en bo estado as instalacións que utilice.

b.—Utilizar normas de seguridade que para o efecto requira a actividade a desenrolar.

c.—Dentro das instalacións, deberá comportarse conforme as boas costumes establecidas, observar boa conducta e respecto cos seus semellantes.

d.—Non arroxar o chan papeis, cabichas, etc, utilizando para elo papeleiras e cinceiros.

e.—No se permite, por parte dos usuarios, a manipulación dos elementos propios das instalacións. Ante calquera problema deberán dirixirse ao persoal de servizo na instalación.

f.—Cumprir as disposicións que regulan os distintos servizos que ofrece o Ecoparque Municipal.

g.—Colaborar para manter o correcto funcionamento do servizo. Cumprir as indicacións do persoal, e sempre que se llo soliciten, identificarse como usuario.

h.—Utilizar os recursos materiais e medios auxiliares das instalacións con respecto e coidado, para

garantir a máxima durabilidade e uso compartido por todos.

i.—Seguir as pautas de convivencia e trato correcto dos profesionais que traballan nas instalacións, así como o respecto de outros usuarios.

j.—Suxeitarse o horario establecido para o uso das instalacións.

k.—O usuario, obrígase o pago de danos e prexuízos que cause as instalacións que utilice.

l.—As instalacións, son propiedade do Concello de Marín, polo tanto, a destrución destes será sancionada conforme a Lei; e obrigado a depositar unha fianza polos danos que se chegasen a causar.

CAPITULO II.—DAS SANCIONES

ARTIGO 21

As faltas ou infraccións cometidas ao presente Regulamento se sancionarán da seguinte forma.

I.—Amoestación.

II.—Suspensión temporal dos dereitos, coa exclusión das actividades e incluso coa expulsión do recinto.

III.—Consignación ante a autoridade competente en caso de suscitarse feitos constitutivos de delicto.

IV.—Con independencia da imposición de sancións correspondentes, se algunha infracción supuxese un deterioro, rotura ou dano dalgún elemento da instalación o/a infractor/a deberá abonar o importe das reparacións ou reposicións de material que sexa preciso realizar. Para todos os efectos, terán a consideración de responsables subsidiarios dos danos producidos as entidades que representen ao infractor ou infractores.

TITULO QUINTO.—PERSONAL

ARTIGO 22. PERSONAL

A área deberá contar con personal cualificado suficiente para o cumprimento dos seus fins e obxectivos.

O personal de organización de Ecoparque estará claramente identificado e terá a autoridade de facer cumprir as normas dentro do recinto.

DISPOSICIONS ADICIONAIS

O funcionamento do Ecoparque de Cadro de titularidade Municipal xestionado indirectamente rexerá polas condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativa e Técnicas correspondentes e polas disposicións contidas neste Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

Para todo o non previsto nesta Regulamento, estarase ao disposto na normativas autonómica, así como a normativa de réxime local e procedemento administrativo que sexa de aplicación.

A interpretación das normas deste Regulamento será levada a cabo polo órgano competente do Concello de Marín, que poderá dictar as instrucións necesarias para a súa aplicación.

Regulamento de Servizo do Ecoparque Municipal de Marín entrará en vigor aos quince días dende o seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Provincia e ata a súa modificación ou derogación expresa ou tácita.

Marín, a 17 de marzo do 2010.—Alcalde-Presidente, Francisco Andrés Veiga Soto. **2010003766**

* * *

M O S

A N U N C I O

Aprobado inicialmente por acordo plenario de data 29.10.2009 o a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por licenza urbanística, exposta ao público durante un prazo de 30 días sen terse presentado reclamacións enténdese definitivamente aprobado o acordo, procedéndose á publicación íntegra do texto:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIAS URBANÍSTICAS

ARTÍCULO 1. FUNDAMENTO Y NATURALEZA

En uso de las facultades concedidas por los artículos 133.2 y 142 de la Constitución por el artículo 106 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local, y los artículos 20 y 58 de la Ley 39/88 de 28 de diciembre, y de conformidad con lo dispuesto en los artículos 15 y 19 de la Ley 39/1988, de 28 de diciembre, reguladora de las Haciendas Locales, este Ayuntamiento establece la Tasa por licencias urbanísticas, que se registrá por la presente Ordenanza fiscal.

ARTÍCULO 2. HECHO IMPONIBLE

Constituye el hecho imponible de la Tasa la actividad municipal, técnica y administrativa tendente a verificar si los actos de edificación y uso del suelo a que se refiere la ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana, la Ley 9/02, Ley 6/98 de Régimen del Suelo y Valoraciones y legislación concordante, que se realicen en el termino municipal, se ajusta a las normas urbanísticas, de edificación y policía previstas en la citada legislación y